

¡Rematamos o ano ...!

CONTIDO:

Partidos importantes

Cea de Nadal

Concurso postales de Nadal

Bo Nadal

Lotería + Cotas

Partidos importantes:

Chega o fin de ano e rematamos con actividades e emocións na peña.

Ainda que uns xa dan por gañada a liga, nosoutros debemos ter confianza neste equipo que tantas ledicias nos está dando e ata o último día estaremos ahí demostrando que somos o mellor equipo do mundo.

A historia xa está escrita, e o que fixo o “Barça de Guardiola” quedará para sempre nas hemerotecas e nos vídeos. Sorte que hoxe todos podemos ve-los partidos e opinar por nosoutros mesmos, non como noutras épocas en que só a prensa centralista e o Nodo nos magnificaba as fazañas dun equipo.

O que está a face-lo Barça traspasa fronteiras e os calificativos chegan de todo o mundo, non só do barcelonismo, polo que hai que estar máis orgullosos ca nunca e ter a esperanza que esta vai ser unha gran temporada.

E para iso, o Barça deberá colleitar un bo resultado no Santiago Bernabeu o próximo día 10 de decembro. Será a partir das 22.00 horas. Nosoutros xuntarémonos no Oliñas do

Mar (esperamos vervos a todos) para aportar-lo noso gran de area, animando para conseguir unha victoria.

Pero ademáis do clásico, o Barça xóga tamén a final do Mundial de Clubes neste mes de decembro.

Todos esperamos que o Barça dispute a final, así que si así é, nos voltaremos a xuntar o día 18 de decembro no Oliñas, para tratar de conseguilo terceiro título da temporada, ou o quinto da temporada anterior (como se queira dicir).

Pensamos que estes son momentos para estar todos xuntos, para compartir emocións e alegrías e demostrar que somos unha peña unida, “a mellor peña da zona”.

¡Todos xuntos podemos!

Cea de Nadal:

Como xa todos sabedes, nestas datas acostumamos a face-la nosa cea de Nadal.

Nesta ocasión será o sábado día 17 de decembro, no restaurante Oliñas do Mar.

O menú consistirá en:

Entrantes fríos e quentes

Churrasco, criollo e patacas

Tarta tres chocolates

Café e chupiños

O prezo por adulto será de 20,00 € e nos de 10,00 €.

O prazo para apuntarse remata o 15 de

decembro.

Pregamos máxima seriedade ó apuntarse, nin retrasarse, nin apuntarse e logo non asistir. Entre todos temos que facer que isto funcione mellor.

Esta será unha gran ocasión para charlar, coñecernos mellor, compartir opinións, e como non, disfrutar da boa comida e do bo trato que sempre nos dispensan no Oliñas.

O teléfono para apuntarse é o que se indica na parte baixa do boletín.

Concurso de postales:

Como xa se informara no boletín anterior, a peña está a organizar un concurso de postales de Nadal.

Para o próximo día 17 de decembro, está previsto facer unha exposición con todas as postales participantes. Esta exposición estará aberta ó público en xeral.

Será no comedor do Colegio Público de San Miguel de Reinante, en horario de 16 a 18 horas. Nese intre se darán a coñecer-los gañadores.

Si queredes participar ou tedes un familiar que o desexe, estades a tempo ata o día 15.

A peña está traballando para poder ofrecer un agasallo a todo-los que participen, así que ¡ánimo! O debuxo non só e cousa de nenos, os maiores tamén podemos participar.

Aproveitamos este apartado, para desexarvos a todos que teñades un bo Nadal, unhas boas festas e que o ano 2.012 nos traia saúde, traballo e moito barcelonismo.

Esta é a postal gañadora no concurso do ano pasado no apartado de “postal barcelonista”.

BO NADAL E PRÓSPERO ANINOVO



Varios:

1- Finalmente pedir ós que están colaborando na venta da lotería de Nadal, que se son tan amables contacten con nosoutros antes do día 17 para face-lo pago das papeletas que levaron para a venta ou no seu caso, para a devolución das sobrantes.

Igualmente queremos agradecerlles a súa colaboración neste tema, xa que pensamos e repetimos que a venta de lotería é tan importante como as cotas de socio e debe ser cousa de todos a venta da mesma.

2- Os que teñen as cotas pendentes de pago, poden facelo nas contas bancarias:

- Caixa Galicia: 2091 0142 57 3040004289
- Banco Pastor: 0072 0219 69 0000101431
- La Caixa: 2100 4949 63 2200015422

3- Estamos a organizar entre todas as peñas barcelonistas da zona (dende Navia ata Burela), unha gran cea baile. Será o sábado 11 de febreiro. Désta, darase máis información en seguintes boletíns, pero xa podedes ir preparando o traxe de festa.

A nosa tenda:



CAMISETA TEMPORADA 2.010-11 - 10,00 €



GORRA - 6,00 €



BANDERÍN 3,00 €



BUFANDA - 12,00 €



CAMISETA HISTORICA. ÚLTIMAS UNIDADES
40,00 €

NESTE NADAL, DESCONTO ESPECIAL DO 20% EN CALQUERA DOS PRODUCTOS.

BOLETÍN INFORMATIVO

San Miguel de Reinante, a 29 de novembro de 2.011 - Nº 24



Peña Barcelonista San Miguel

Souto nº 66

San Miguel de Reinante

27793 (Lugo)

Peña 1.194

Fundada en 1.997

<http://penhabarcelonistasanmiguel.jimdo.com>